

Resolución do 19 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2022-2023.

Por resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional creouse, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera, seleccionáronse os 32 centros educativos que a conformaron durante o curso 2021-2022 e ditáronse instrucións para o nomeamento das persoas responsables destas unidades.

A resolución de 10 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21 de xullo de 2021, polo que se aproba a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados por Comunidades Autónomas destinados ao Programa de Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar do alumnado educativamente vulnerable, no seu punto 12, establece que o número de Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia para o curso 2022-2023 sexa de 42.

Co fin de ampliar e reaxustar a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no curso 2022-2023,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto a ampliación e o reaxuste da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), dos 32 centros que a formaron no curso 2021-2022 ata un total de 42 centros no vindeiro curso 2022-2023.



Segundo. Ámbito de aplicación

Será de aplicación preferente nos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos que se impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria (incluíndo ciclos formativos de formación profesional de grao básico), ensinanzas postobrigatorias de bacharelato e /ou ciclos formativos de grao medio, situados nas zonas xeográficas recollidas no anexo I.

Terceiro. Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL)

1. Ao abeiro da Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional creouse, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera, seleccionáronse os 32 centros educativos que a conformaron durante o curso 2021-2022 e ditáronse instrucións para o nomeamento das persoas responsables destas unidades.

De cara á ampliación e o reaxuste da Rede realizarase a redistribución das zonas xeográficas de actuación das UACO.

2. Os centros que conforman esta Rede dan cobertura a todos os centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por ámbitos xeográficos de actuación.

Cuarto. Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO)

1. Cada centro que se incorpore a esta Rede constituirá a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO).

2. Cada UACO está constituída por unha persoa responsable do desenvolvemento de actuacións de apoio e seguimento ao alumnado especialmente vulnerable, así como das súas familias, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos, que deberá contar con formación específica acreditada en mediación, habilidades sociais, e educación emocional.

3. As UACO teñen como función específica acompañar as traxectorias educativas do alumnado máis vulnerable e as súas familias, para previr fracasos e promover a



aprendizaxe e éxito escolar, sempre en colaboración e coordinación cos e coas profesionais que estean a intervir co devandito alumnado. Asemade desenvolverán estas outras funcións:

- a) Acompañamento, motivación e seguimento personalizado do alumnado máis vulnerable educativamente, escolarizado en centros educativos sostidos con fondos públicos, que estean dentro do ámbito xeográfico que se determine e tendo en conta a singularidade das zonas rurais.
- b) Colaboración e coordinación cos equipos docentes e cos departamentos de orientación dos centros educativos sostidos con fondos públicos onde estea escolarizado o alumnado susceptible desta intervención.
- c) Impulso da implicación e colaboración das familias para asegurar unhas condicións óptimas de educabilidade.
- d) Coordinación e colaboración cos concellos, redes socioeducativas e outras entidades para acadar un éxito escolar máis equitativo e inclusivo.
- e) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar en relación co desenvolvemento da Rede.

4. As persoas responsables das UACO terán dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións, o que será incompatible co desempeño de calquera outro cargo no centro educativo.

5. As persoas responsables das UACO realizarán un seguimento periódico das súas actuacións e elaborarán unha memoria avaliativa intermedia e outra final que deberá incluír, entre outros, os criterios de selección do alumnado beneficiario, así como as actuacións realizadas con cada un deles e os resultados e impacto obtidos. A memoria intermedia será remitida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ata o 31 de xaneiro de 2023 e a memoria final ata o 15 de xullo de 2023 de acordo co modelo que se facilite a tal efecto.

Así mesmo participarán nas actividades de formación que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa considere oportunas para o desenvolvemento das



súas funcións.

Quinto. *Certificación*

Dado o carácter innovador desta Rede, ao remate de cada curso escolar as persoas designadas como responsables das UACO recibirán un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

Sexto. *Presentación de solicitudes*

1. Os centros interesados en formar parte da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL) deberán enviar unha única solicitude asinada pola dirección do centro, segundo o modelo establecido no anexo II desta resolución, dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
2. Na solicitude proporase unha persoa de entre o profesorado do centro, que con carácter xeral, teña destino definitivo no mesmo para coordinar a UACO do ámbito xeográfico correspondente.
3. Xunto coa solicitude, o centro deberá achegar unha relación dos medios cos que conta para o desenvolvemento das funcións da UACO (espazo, medios telemáticos, teléfono, etc.).
4. A solicitude e documentación dirixirase á Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), que se deberá identificar coa denominación "Rede RAOGAL", xunto coa documentación.
5. O prazo de solicitude rematará o día 14 de setembro de 2022.

Sétimo. *Criterios de selección dos centros*

Os centros seleccionaranse considerando:

- a) Os perfís máis axeitados das persoas que se propoñan como responsables das



UACO.

b) A súa localización na zona xeográfica á que darán cobertura (preferentemente as recollidas no anexo I).

c) Os medios cos que conte o centro para o desempeño das súas funcións.

Oitavo. *Comisión de selección*

Constituirase unha comisión de selección que estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: persoa responsable da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de Subdirección Xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Noveno. *Resolución provisional*

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros seleccionados. Esta resolución provisional publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/>.

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión.

Décimo. *Resolución definitiva*

1. A comisión de selección valorará as reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá definitivamente sobre os centros seleccionados.

2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que será publicada no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.

3. No caso de que o número e/ou a localización dos centros solicitantes non permita cubrir todos os ámbitos xeográficos establecidos, a comisión de selección propondrá á



Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para a súa selección, os centros necesarios para garantir a existencia dun centro RAOGAL en todos os ámbitos xeográficos.

4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeiro. *Seguimento e avaliación*

A actuación das persoas responsables das UACO será obxecto de avaliación e seguimento a través da inspección educativa.

Décimo segundo. *Financiamento*

A presente convocatoria atópase entre as actuacións cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Os centros deberán cumprir coas obrigas derivadas do financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e con calquera outra que poida ser de aplicación.

Décimo terceiro. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional única. *Compromisos dos centros da Rede RAOGAL*

1. Cumprir coas obrigas derivadas do cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea-NextGenerationEU.



2. Cumprir as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa referentes á xestión do programa, que se publicarán no portal educativo ou se trasladarán a través do equipo de coordinación da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa.

3. Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación consonte co que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

4. En todas as actuacións desenvolvidas, os centros educativos deberán facer constar as seguintes mencións expresas: "Programa financiado por el Ministerio de Educación y Formación Profesional y el Mecanismo de Recuperación, Transformación y Resiliencia", así como "Programa financiado por la Unión Europea" no marco de dito Mecanismo. Do mesmo modo deberán conter os logos e emblemas da Unión Europea, o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

En Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



Anexo I

ZONAS XEOGRÁFICAS CURSO 2022-2023

PRAZAS OFERTADAS	UACO	CONCELLOS
1	Comarca de Noia	Lousame, Noia, Outes, Porto do Son
1	Comarca Bergantiños	Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Laxe, Ponteceso, Malpica, Val do Dubra, Santa Comba
1	Comarca da Coruña	Cambre, Carral, Abegondo
1	Comarca de Ordes	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo
1	Comarca de Arzúa Comarca de Terra de Melide	Arzúa: Arzúa, Boimorto, O Pino, Touro Terra de Melide: Melide, Sobrado, Toques, Santiso
1	Comarca de Terra de Soneira	Camariñas, Vimianzo, Zas
1	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
1	A Coruña	A Coruña
1	Comarca de Ortegal Comarca de Ferrolterra	Ortegal: Cariño, Cerdido, Mañón, Ortigueira Ferrolterra: Cedeira, Valdoviño, San Sadurniño, Moeche, Somozas
1	Pontevedra	Pontevedra
1	Comarca de Valdeorras	A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, O Barco, Vilamartín, A Rúa, Petín, O Bolo, Larouco, Viana do Bolo, Pobra de Tribes, Manzaneda, Castrocaldelas, Folgoso do Courel, Quiroga, Ribas de Sil, A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso
1	Vigo	Vigo, Porriño, Mos

